

**RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE PARTICIPACIÓN NOS PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA EN DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA PARA OS CENTROS DOCENTES DE TITULARIDADE PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DURANTE O CURSO ACADÉMICO 2018/2019**

A convocatoria do 10 de xaneiro de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura e Turismo e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, regula as bases para a realización de proxectos de innovación educativa en dinamización lingüística en centros públicos.

No seu artigo 11, establécese que a Comisión de Selección, despois de analizar as solicitudes presentadas, emitirá a proposta de resolución dirixida ás persoas titulares da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que emitirán unha resolución conxunta. A dita resolución publicarase na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal> e no Portal Educativo <http://www.edu.xunta.es>.

Logo de ver a proposta formulada pola Comisión de Selección, constituída ao abeiro do artigo 9 da citada convocatoria,

RESOLVEMOS:

1 Seleccionar os cinco proxectos que acadaron a consideración de excelentes, segundo os criterios establecidos no artigo 10 da convocatoria, tras comprobar que cumpren os requisitos establecidos nesta.

Os proxectos puntuados como excelentes son:

Proxecto	Centro	Concello	provincia
<i>O Prado fala galego</i>	IES CARLOS CASARES	VIGO	PONTEVEDRA
	IES SANTA IRENE	VIGO	PONTEVEDRA
<i>A cidade sen barreiras</i>	CEE NOSA SEÑORA DO ROSARIO	A CORUÑA	A CORUÑA
<i>Ao son delas</i>	IES MAXIMINO ROMERO DE LEMA	ZAS	A CORUÑA
<i>Cóxegas: caixas de investigación e creación como experiencia estética e emocional de acompañamento lingüístico</i>	CEIP HEROÍNAS DE SÁLVORA	RIBEIRA	A CORUÑA
<i>Miserábeis</i>	IES ILLA DE ONS	BUEU	PONTEVEDRA

2 De acordo co establecido no artigo 2 da convocatoria, os centros seleccionados recibirán:

- Unha dotación económica de 2 000 euros.
- Apoio e asesoramento durante o desenvolvemento do proxecto.
- A difusión das experiencias e dos materiais educativos producidos a través da rede e da páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística <http://www.lingua.gal>.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2019

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López

